



riolo

&

penadique

narración oral e música

CATÁLOGO 2021



a compañía

No 2017 xuntáronse o amor pola literatura e a palabra dita co amor pola música e o universo da infancia, e nace de parto natural Rilo&Penadique.

Elas narran, cantan e musican contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro, nados dende o ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para bebés, rapazada e público familiar.

Sonsoles Penadique leva a parte musical.
Vero Rilo a narración oral.

Presentáronse na escena galega co espectáculo-obradoiro para bebés e familias *ARRE RU*, e pouco despois afianzáronse como dúo coa proposta para público familiar *O pozo das señoras*.

Pouco despois saíron de Galiza para explorar novos mundos. Ata a data acumulan novos títulos: *A formiga no carreiro*, *Barrococó*, *Derriba da lúa*, *Historias con susto para durmir a gusto...*

Recentemente deron o salto ao público adulto co espectáculo *Arrolando as Frorese seguen xirando con Lavandeiras*.

Aquí podedes seguir lendo sobre elas.



vero rilo

É **narradora oral** e **educadora**.

Comezou a súa andaina formativa nos servizos á comunidade e titulouse como **técnica superior en Integración Social**, máis tarde en **Educación Infantil**. Combinou estudos iniciais en **lingua de signos** a titulación de monitora de Tempo Libre. Fixo un pequeno percorrido polas facultades galegas para interesarse pola Audición e Linguaxe e a Educación Física. Foi traballadora dende o ano 2010 na **Rede de Escolas Infantís de Galicia-Galescolas** e decide, despois de tres anos, marchar do proxecto para mergullarse no mundo da narración.

No 2013 emprende da man do seu amigo, camarada e acordeonista Santi Prieto, o seu proxecto conxunto de narración e música para público familiar e crea a compañía **Daboapipa** e dáse a coñecer na escena galega. No 2015 toma a remuda musical Carlos Quintá.

Do 2015 ao 2018 traballa na **Rede de Escolas de Ensino en Galego Semente**. Combinando do 2010 ata o 2018 o traballo como educadora e narradora.

Fórmase con importantes referentes da **narración oral** galega e internacional como Charo Pita, Tim Bowly, Quico Cadaval, Pepito Mateo, Nono Granero, Paula Carballeira, Rodorín ou Soledad Felloza e asiste ás escolas de verán **AEDA** nos anos 2015, 2017, 2018 e 2019.

Cursa dous anos de **formación actoral** con Carlos Neira no centro EspazoAberto en Santiago de Compostela e realiza **formación regular en improvisación teatral** cos mestres Antón Coucheiro e Alfonso Lupo. Recibe clases de **técnica vocal** con Pablo García Ferradás e Cristina Domínguez da Pena.

Dende o 2018 investiga os límites e puntos de (des)encuentro do contar e cantar coa vocalista Faia Díaz (De Vacas, Coro Encaixe) en **Apatacón**.

No 2019 enrédase en **Divas de Diván** coas narradoras Ángeles Goás e Carmen Conde Gaute nunha sesión compartida de contos eróticos.

Dende o 2019 xira con **Pallasos en Rebeldía**, coa obra teatral *O valo*, de Carlos Labraña e dirixida por Iván Prado.

Dende 2013 pasa por diferentes escenarios e festivais como narradora e por un feixe de concellos e programacións dentro das redes AGADIC, Cultura no Camiño, Programa Apego, Ler conta moito... e fóra do país en Cuba, Portugal, Euskadi...

Ao longo deste tempo traballa tamén coa USC, o CFR Coruña, o CFR Ferrol e Semente Compostela deseñando e impartindo **obradoiros para docentes** sobre a narración e a práctica educativa.

Forma parte do **Colectivo de Narración Oral Galega NOGA**, e organiza os encontros de profesionais nos anos 2018 e 2019.

E é a metade da compañía de narración oral e música **Rilo&Penadique!**



sonsoles penadique

Moi vencellada, dende cativa, á música tradicional como **bailadora, cantareira e gaiteira**; é **Licenciada en Historia da Arte** na especialidade de **Historia da Música** pola Universidade de Santiago de Compostela e **Diplomada en Educación Musical** pola Universidade de Vigo.

Así mesmo realizou estudos de **linguaxe musical, técnica vogal e coro** con Ramón Bermejo e harmonía moderna con Suso Atanes na **Escola Estudio** de Santiago de Compostela.

Obtivo o título do **I Posgrao de Música Tradicional Galega** organizado pola USC.

Asistiu a aulas con relevantes músicos e bailadores do panorama tradicional galego como Ricardo Portela, Fernando Martínez, Serxio Cobos, Iván Costa, Pablo Carpintero, Chuco Estévez....

Adem estudou **acordeón diatónico, harmonía e música folque** con Carlos Quintá e Pedro Pascual na **Escola Livre da Central Folque**.

Completou a súa formación como **cantante no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra** con Paco Charlín e Abe Rábade.

Entre 2007 e 2008 exerce de **profesora ensino secundario** para a consellería de Educación. Entre 2008 e 2010 traballa como **Técnica en dinamización cultural** na Asociación de Gaiteiros Galegos. No 2009 e 2010 experimenta coa **musicoterapia** na Cruz Vermella e na asociación para enfermos mentais DOA. No 2011 e 2012 traballa como **Técnica en Biblioteconomía e Arquivística Musical** no arquivo da Asociación Cultural Banda De Música Belas Artes de Cangas.

No eido da pedagogía exerce o seu labor como **profesora de acordeón diatónico e iniciación á música e o folclore** na A.C. Trépia e outras entidades.

No campo da interpretación musical liderou como cantante **Azul de Bueu**, proxecto de fusión de música tradicional e jazz xunto con Virxilio da Silva (baixo e guitarras), Wilfried Wilde (guitarra), Xosé Miguélez (saxo tenor) e Iago Fernández (batería).

Foi a acordeonista e cantante no dúo de música folque **Xonxas**, con Lola García ao clarinete e Gema Pérez.

Tamén realizou o traballo de musicalización xunto con Carlos Fandiño na obra da compañía de títeres **A xanela do maxín, As aventuras de Gale**.

Actualmente mantén activo o proxecto **Oradaladou**, con Carlos Quintá ao violín e ás voces con quen realizou un traballo discográfico no 2019 que acompaña a reedición da Editoiral Galaxiada obra de Antonio Fraguas *Cantigueiro de Cotobade*.

E é a metade da compañía de narración oral e música **Rilo&Penadique!**



os espectáculos

bebés
0-3

ARRE RU
DERRIBA DA LÚA

infantil
3-6

A FORMIGA NO
CARREIRO
OUTRA VEZ!

familiar

O POZO DAS SEÑORAS
ASDOMARE


adultas
+16

LAVANDEIRAS
ARROLANDO AS
FRORES

BEBÉS

0-3 años

Luces, timbres, ritmos...
Música e palabra fusionadas para
crear espectáculos que esperten e
estimulen os quereres en idades
temperás.



ARRE RU

ARRE RU é unha palabra que vive na boca, non quere dicir nada, pero o A abre o asombro, o RRE a repetición, e o RU a delicadeza...

As palabras acompañanse da musicalidade da voz, dos ollos, dos xestos, do tacto... os bebés tempéranse mellor con estes apoios.

Rilo&Penadique poñemos, ao pé da voz, o son dun acordeón diatónico, a voz multiplicada e asombrosa. Somos bebés, somos adultas, somos persoas da man doutras persoas, a linguaxe en singular non existe, primeiro apréndese en familia, a narración oral é a flor da vida en compañía para afrontar a onda.

Isto é un espectáculo-obradoiro para medrar en familia.

Foi estreado no Festival NUBEBES de Pontevedra en 2017 e continuamos xirando!

VERO RILO

SONSOLES PENADIQUE

ARRE RU

un obradoiro-espectáculo para familias e
bebés

NARRACIÓN ORAL E MÚSICA
RILO&PENADIQUE

DERRIBA DA LÚA

“Antes do principio do todo había a nada.
Despois chegou o vento que moveu a nada.

Co movemento saltaron tres chispas:

A primeira apagouse e naceu a Lúa

A segunda quedou acesa e naceu o Sol

A terceira comezou a xirar e naceu a Terra

Na terra hai un carballo
No carballo hai un niño
No niño hai unha merla
que choca tres ovos...”

DERRIBA DA LÚA é un espectáculo-obradoiro de narración oral e música, de recente creación, para familias con nenos de 0 a 3 anos.

Queremos arrolar, contar, cantar e xogar xuntas para soñar e medrar libres coma paxaros, de candeloria a candeloria.

derriba da lúa

un obradoiro-espectáculo para familias e bebés

Rilo&Penadique



INFANTIL

3-6 anos

Contos e músicas atemporais con temas que enganchan na primeira infancia: animais, acción e melodías alegremente pegañentas.



A FORMIGA NO CARREIRO

A FORMIGA NO CARREIRO

Unha viaxe polas terras da Galiza, Portugal e do Brasil para contar, cantar, bailar e brincar cos contos da tradición oral e a música.

A partir das cancións do libro de Zeca Afonso para crianzas(editado polas Escolas de Ensino en Galego Semente) e unha selección de contos populares queremos festexar e reivindicar a universalidade e potencialidade da nosa lingua.

Reserva o teu billete!
Estades preparadas?

Polo mar abaixo
vai unha formiga
cunha man na testa
e outra na barriga...

rilo&penadique

NARRACIÓN ORAL E MÚSICA



OUTRA VEZ!

Que pasa cando un espectáculo sae do catálogo?
Onde acaban todas eses contos e músicas?
E se non podemos separarnos delas?

Rilo&Penadique queremos seguir contando, cantando e bailando o que máis nos gusta e é por iso que decidimos facer unha selección das pequenas alegrías que colleitamos todos estes anos.

Un espectáculo de espectáculos.
Unha escolla de aquí e de alá.
Contalo e cantalo "outra vez",
sen parar.

FAMILIAR

Contos, poesía musicada, ambientes e accións que, dende as formas orais, literarias e musicais tradicionais, fan soñar, vivir e reflexionar a toda a familia sobre temas moi presentes na actualidade coma o xénero, as relacións interpersoais, economía...






O POZO DAS SEÑORAS

É un feixe de historias de recollida, tradicionais e de autor xunto con coplas tradicionais, romances e composicións propias.

Con esta proposta queremos achegarnos ás mulleres do noso imaxinario, da nosa vida: lavadeiras da noite, lavadeiras de oficio e de sacrificio, pieiras que coidan dos lobos e bruxas cos dentes de ferro...

Cun marcado compoñente de xénero este espectáculo leva rodando dende 2017 por teatros, auditorios, casas da cultura, lavadoiros, fontes de todo o país.

E grazas a vós non paramos de recoller alegrías!



asdomare

rilo&penadique
narración oral e música

ASDOMARE

Este espectáculo acaba de saír da fábrica en pleno confinamento e quere darlle continuidade a *O Pozo das Señoras*.

ASDOMARE son as mulleres do mar,
ou o mar de mulleres.
É a senda dos faros
que alumean A Maruxaina,
A pedra do cu da raíña,
Os cantos das conserveiras...


Todo o que o mar quita,
todo o que o mar deixa

ADULTAS

Historias de vida, melodías e harmonías, todas con alma, todas con vida; algunhas con humor, outras con algo de drama pero todas para compartir o noso paso pola existencia.

O pasado, o presente e o futuro.

Todas as cousas que lles preocupan a elas, a nós.



LAVANDEIRAS

As mulleres á beira do río, de xeonllos, fregando a roupa tecen unha estampa que se repetiu ao longo da nosa historia.


Ao seu redor, as lendas e as historias sucédense por toda a nosa xeografía, tanto física como identitaria.

Recollemos parte dese patrimonio oral, dende as lavadeiras nocturnas enchoupadas en sangue até o traballo colectivo das lavadeiras de Redondela, na Illa de San Simón cando a guerra.

Tamén contamos de Manuela Lores, e cantamos as fontes, os ríos.

Poñemos os pés a remollo cada día...

Se estás pensando nese lavadoiro, non dubides en chamar.



ARROLANDO AS FRORES

"Cando lle preguntaron na escola cantos irmáns eran ela dixo que cinco irmáns, dous alborotos e un xeranio"

O resto da historia soubémola despois pola súa sobriña.

Arrolando as frores é a nova sesión de narración oral e música para público adulto que parimos.

Nela falaremos do aborto, contaremos a Marica Campo, revisaremos os contos colorados, namorarémonos das flores e transplantaremos a alegría.

Amor, dor, humor, música e mulleres das nosas vidas.





días especiais e en liña

DÍAS ESPECIAIS

CALDO DE GLORIA

HISTORIAS CON SUSTO
PARA DURMIR A GUSTO

FARTURA DE NADAL

EN LIÑA

ADAPTAMOS O CATÁLOGO
2021

Á SITUACIÓN
COVID-19

PARA CANDO SEXA
PRECISO



DÍAS ESPECIAIS

DÍA DE ROSALÍA, SAMAÍN, NADAL

**Se queredes celebralos, estas son
as nosas propostas**

**Non dubidedes en poñervos en
contacto para que cada día conte!**

CALDO DE GLORIA

Nace coa casa, coas historias da lareira, co andar das vidas...

Un paseo da man das letras de Rosalía... cara a onde nos levan, que contos e músicas nos lembran?

E haberemos cantar, colleremos a xustiza pola man e faremos con todo un caldo, que agardemos saiba a gloria. Xuntas celebrando a poeta! E si, levamos caldo para repartir!

HISTORIAS CON SUSTO PARA DURMIR A GUSTO

Especial Samaín para vivir en familia, na intimidade dun contorno natural e nocturno, no que preparamos o ambiente para ofrecer a nosa mirada sobre as historias de sempre, desas de antes de ir durmir...

A que ten cu, ten medo compañeiras!

Pero... sempre hai alguén para collernos da man!

FARTURA DE NADAL

Non hai nada máis parecido ao Nadal que reunirse a escoitar contos, quererse, comer e fartarse de historias e música! Este é un especial para cantar o aguinaldo, agardar estas datas cun feixe de contos e non preocuparse pola sal de froitas!

Tedes fame?

24 DE FEBREIRO_DÍA DE ROSALÍA
CALDO DE GLORIA

1 DE NOVENBRO_SAMAÍN
HISTORIAS CON SUSTO PARA DURMIR A GUSTO

25 DE DECEMBRO_ NADAL
FARTURA DE NADAL



EN LIÑA

restriccions Covid-19

CONTOS POR TELÉFONO

Se a situación non deixa facer os espectáculos presenciais, Rilo&Penadique adaptamos as nosas propostas para poder chegar ás vosas casas.

Consúltanos!

OBSERVAMOS

Que durante esta pandemia e ante a imposibilidade do contacto tradicional entre artistas e público, Internet cargouse de contidos de todo tipo que poden resultar excesivos e moi afastados da verdadeira experiencia escénica.

OFRECEMOS

Adaptar os espectáculos a formatos en liña con sesións reducidas de videochamadas. Poder mirarnos nestes tempos é esencial.

Tamén potenciamos o compromiso do público, que reserva o seu tempo para seguir asistindo ás programacións: un día a unha hora...

INSPIRÁMONOS

Nos *Contos ao teléfono* de Gianni Rodari.

Aínda conscientes de que nada pode substituír á experiencia escénica, queremos dar un paso máis cara á humanización da comunicación virtual empregando un medio do que a meirande parte das familias dispoñen: un dispositivo móbil con conexión a Internet. E nós... videochamamos!

CONTOS POR TELÉFONO


Unha idea de Rilo&Penadique para a cultura en tempos da COVID-19


Tedes outra proposta? Falamos!






GALERIA






















CHUSMA

<https://www.facebook.com/riloepenadique>



SIGUE CHUSMANDO

rilo&penadique narración oral e música



ESCRIBE

rilopenadique@gmail.com



CHAMA

650031784 649870585



DISTRIBUCIÓN

CULTURACTIVA
ESCENICAS

981 582 836

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org



CATÁLOGO 2021

